

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>) CELEBRADA O DÍA 21/12/2020

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE
D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Asistentes

-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
-D. ARGIMIRO SERÉN MERA
-DONA PAOLA MARÍA MOCHALES
-D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
-DONA SONIA OUTÓN CASAL
-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO
-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ
-D., ÁLVARO CAROU GARCÍA
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA
-DONA MATILDE LAYA LORENZO
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN
-D. JUAN MARCOS ALCALDE VÁZQUEZ
-DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ
-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO
-DONA LUCÍA CÉSAR VELOSO
-D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ
-DONA MARIA DE LA O FERNANDEZ GONZÁLEZ
-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

Non asistentes

-D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO
-D. MANUEL MÉNDEZ VARELA

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 21/12/2020, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 26 de novembro de 2020.

2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes novembro de 2020.

3. Toma de coñecemento da denominación do grupo político municipal Podemos-Marea da Vila.

4. Toma de coñecemento da relación de investimento subvencionado pola Deputación Provincial (Plan Concellos 2018-2019)

5. Aprobación definitiva, se procede, da Conta Xeral do Concello e da FPSDM correspondente ao Exercicio de 2019.

6. Aprobación, se procede, do Expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos 06/REC/2020, por importe de 2.371,49 €.

7. Exame da reclamación presentada e aprobación definitiva, se procede, da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

8. Aprobación, se procede, da declaración de obra de “Reforma Centro de Acolida Básica-Inclusión Social San Cibrán”, como de especial interese, aos efectos de aplicar a bonificación no ICIO.

9. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

10. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre melloras de accesibilidade e seguridade vial nos accesos ós centros educativos Armando Cotarelo Valledor, Castro Alobre e Anexo A Lomba.

11. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal Podemos-Marea da Vila, con motivo do día das persoas migrantes.

12. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

13. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

14. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.

15. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, pola funcionaria municipal Dona Elsa Pérez Fernández utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 26 DE NOVIEMBRE DE 2020:

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta de data 26 de novembro de 2020.

Non habendo ningunha proposta de rectificación, queda aprobada por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21) a acta da sesión anterior de data 26 de novembro de 2020.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201221&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE NOVEMBRO DE 2020: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

Nº DESCRICIÓN

- 1 Aprobación Plan de Seguridade e Saúde obra
- 1 Aprobación de pregos de cláusulas administrativas particulares
- 1 Nomeamento técnicos para o xurado calificador do concurso do proxecto de construción piscinas
- 1 Resolución de alegacións ICIO
- 1 Resolucións de alegacións Taxa Licenzas Urbanísticas
- 6 Expte. De modificación de crédito por transferencia de crédito
- 2 Expte. De modificación de crédito por xeración
- 4 Licenza para tenza de animais potencialmente perigosos
- 1 Abomaento servizos prestados en domingo
- 1 Aboamento nocturnidade Policía Local
- 1 Aprobación de oferta de emprego público 2020
- 1 Nomeamento Policía como funcionario de carreira
- 1 Pagamento Plan de Pensións outubro
- 3 Substitución posto de categoría superior policía
- 1 Nomeamento conserxe por substitución titular
- 2 Aboamento de anuncios no BOP e DOG
- 1 Adxudicación contrato de subministro
- 2 Aprobación memoria para reinversión POS
- 3 Avocación competencias Alcaldía
- 76 Estimación/Desestimación taxas e prezos públicos
- 15 Estimación/Desestimación pagos duplicados
- 2 Estimación/desestimación Prorrato no IAE
- 15 Estimación Rateo no IVTM
- 19 Estimación Beneficios Fiscais no IVTM
- 5 Estimación IVTNU
- 3 Estimación/Desestimación IBI
- 8 Estimación/desestimación liquidacións e baixas
- 16 Estimación/desestimación compensación de débedas
- 1 Estimación revisión de oficio
- 4 Estimación de recibos
- 1 Pago comisións TPV
- 3 Pago Expedientes Tesourería
- 23 Pago de expedientes de Intervención
- 4 Pago préstamos
- 1 Relación de transferencias Axudas Emerxencia Social Municipal
- 2 Pago relación Intervención
- 5 Concesión de licenza ampliación de rede eléctrica
- 1 Concesión de licenza de valado e ocupación de vía pública
- 1 Declaración de ineficacia comunicación previa
- 3 Conformidade con proxecto de execución
- 1 Concesión de licenza para ampliación rede de telecomunicacións
- 1 Informe favorable renuncia a comunicación previa de obras

1	Concesión de licenza para segregación
33	Comunicación previa obras
1	Legalización de obras varias
4	Concesión de licenza de obra maior
1	Concesión subrogación expte. De actividades
1	Comunicación previa para inicio de actividade
4	Cambio de titularidade actividade comercial
7	Deber de conservación
1	Concesión de licenza para valado e colocación de guindastre
4	Concesión de licenza de obra menor
14	Primeira ocupación e/ou conexión de auga e/ou saneamento
1	Aprobación inicial proxecto de urbanización
1	Orde precinto local
1	Recurso contencioso – administrativo
9	Reposición da legalidade urbanística
1	Concesión de licenza de canalización para gas
TOTAL: 328	

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201221&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DA DENOMINACIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL

PODEMOS-MAREA DA VILA..- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 21 de decembro de 2020, do seguinte teor:

O Grupo Municipal Marea da Vila se presentou ás eleccións municipais nunha coalición que se chamaba Marea da Vila-Podemos-Anova.

Dona María de la O Fernández González solicita engadir a palabra Podemos ao nome do grupo municipal, sen que iso modifique o CIF nin a conta bancaria municipal, quedando o nome como se indica: Podemos-Marea da Vila.

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201221&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RELACIÓN DE INVESTIMENTOSUBVENCIONADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL (PLAN CONCELLOS 2018-2019).

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 21 de decembro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta do seguinte investimento solicitado ao Plan Provincial de obras e Servizos, así como do importe concedido.

Denominación	Liña	Importe	Subvención solicitada	Subvencion concedida
Subministro e instalación de dúas marquesiñas na Rúa Congostra-Castroagudin e Avda. Cornazo-Paradela	LIÑA 1	9.644,91 €	100%	9.644,91

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201221&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO CONCELLO E DA FPSDM CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2019.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 21 de decembro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía do seguinte teor:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2019.

A conta xeral do exercicio 2019, formada pola Intervención, foi elaborada de acordo co conxunto normativo seguinte:

- Artigos 208 a 212 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en adiante TRLRFL.
- Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1998, reguladora das facendas locais (enténdase TRLRFL 2/2004), en materia de orzamentos.
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, en adiante ICAL. Regras 44 a 51.
- Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se establece a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

O contido da conta xeral, regulado no artigo 209 do TRLRFL con carácter xeral, e detallado nas regras 44 a 51 da ICAL, que integra o expediente, constará das seguintes partes:

A) CONCELLO

1. O BALANCE:

BALANCE	2015	2016	2017	2018	2019
ACTIVO					
ACTIVO NON CR RTE.	92.338.951,14	93.987.864,17	96.290.673,51	98.787.837,99	101.906.815,07
ACTIVO CORRENTE	8.209.536,60	11.374.481,45	9.794.331,46	10.286.425,61	10.559.785,64
DEBEDORES C/P	5.536.166,75	5.641.176,14	4.819.362,23	4.975.626,73	5.205.843,42
DISPONIBLE	2.596.595,27	5.658.232,56	4.862.578,45	5.171.396,18	5.286.227,33
TOTAL ACTIVO	100.548.487,74	105.362.345,62	106.085.004,97	109.074.263,60	112.466.600,71
PASIVO					
CAPITAIS PERMANENTES	92.968.622,55	98.096.220,06	99.731.770,64	102.869.716,03	106.366.093,53
FONDOS PROPIOS OU PATRIMONIO NETO	81.733.304,69	89.174.339,01	94.057.560,56	98.639.199,43	103.302.187,30
Pasivo non cr rte.	11.235.317,86	8.921.881,05	5.674.210,08	4.230.516,60	3.063.906,23
Pasivo corrente	7.579.865,19	7.266.125,56	6.353.234,33	6.204.547,57	6.100.507,18
TOTAL PASIVO	100.548.487,74	105.362.345,62	106.085.004,97	109.074.263,60	112.466.600,71
FONDO MANIOBRA	629.671,41	4.108.355,89	3.441.097,13	4.081.878,04	4.459.278,46
FM/D	24,25%	72,61%	70,77%	78,93%	84,36%

II- CONTA DE RESULTADO ECONÓMICO-PATRIMONIAL:

A Conta do Resultado económico patrimonial do exercicio reflicta un Beneficio total por importe de 4.870.109,07 EUROS.

III- O ESTADO DE CAMBIOS DO PATRIMONIO NETO:

O patrimonio neto do Concello experimentou un incremento por patrimonio xenerado por importe de 4.660.619,66 €, co seguinte detalle:

	I. Patrimonio	II. Patrimonio Xerado	III. Axustes por cambios de valor	IV. Subvencións recibidas	Total
A) Patrimonio neto ao final do exercicio 2018	42.601.500,82	55.635.553,56	0,00	402.145,05	98.639.199,43
B) Axustes por cambios de criterios contables e corrección de erros	0,00	2.368,21	0,00	0,00	2.368,21
C) Patrimonio neto axustado do exercicio 2018 (A+B)	42.601.500,82	55.637.921,77	0,00	402.145,05	98.641.567,64
D) Variacións do patrimonio neto 2019	0,00	4.611.289,06	0,00	49.330,60	4.660.619,66
1. Ingresos e gastos recoñecidos no exercicio	0,00	4.870.109,07	0,00	49.330,60	4.919.439,67
2. Operacións patrimoniais coa entidade ou entidades propietarias	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
3. Outras variacións do Patrimonio Neto	0,00	-258.820,01	0,00	0,00	-258.820,01
E) Patrimonio Neto ao Final do Exercicio 2019 (C+D)	42.601.500,82	60.249.210,83	0,00	451.475,65	103.302.187,30

IV O ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO:

Obtívose unha variación positiva dos efectivos en 96.831,15€ co seguinte detalle:

Fluxos	Exercicio 2019
Fluxos netos (+/-) por actividades de xestión	4.814.815,55
Fluxos netos (+/-) por actividades de inversión	-3.452.376,99
Fluxos netos (+/-) por actividades de financiación	-1.451.740,35
Fluxos netos (+/-) pendentes de clasificación	186.132,53
Efecto das variacións dos tipos de cambio	0,00
Disminución neta do efectivo	96.831,15
Efectivo o inicio do exercicio	5.171.396,18
Efectivo o final do exercicio	5.268.227,33

V. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO:

Que a súa vez componse dos seguintes documentos:

- RESULTADO ORZAMENTARIO:

O resultado orzamentario axustado que se desprende da liquidación do orzamento municipal para o exercicio 2019 é POSITIVO con un importe de 3.233.167,89€ co seguinte desglose:

RESULTADO ORZAMENTARIO 2019	
DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	
a. Dereitos recoñecidos por operacións non financeiras	29.944.201,75
a.1. Dereitos recoñecidos netos por operacións correntes (Cap. I a V)	28.970.220,68
a.2. Dereitos recoñecidos netos por demais operacións de capital (Cap. VI e VII)	973.981,07
b. Dereitos recoñecidos netos por activos financeiros	47.944,00
c. Dereitos recoñecidos netos por pasivos financeiros	550.000,00
Total dereitos recoñecidos	30.542.145,75
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	
a. Obrigas recoñecidas por operacións non financeiras	27.349.519,55
a.1. Obrigas recoñecidas netas por operacións correntes (Cap. I a IV)	24.175.713,92
a.2. Obrigas recoñecidas netas por demais operacións de capital (Cap. VI e VII)	3.173.805,63
b. Obrigas recoñecidas netas por activos financeiros	47.944,00
c. Obrigas recoñecidas netas por pasivos financeiros	2.001.740,35
Total obrigas recoñecidas	29.399.203,90
RESULTADO ORZAMENTARIO ANTES DE AXUSTES	1.142.941,85

AXUSTES	
(+) Créditos gastados financiados con RLT para gastos xerais	1.144.473,54
(+) Desviacións de financiamento negativas do exercicio	2.571.774,32
(-) Desviacións de financiamento positivas do exercicio	1.626.021,82
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO	3.233.167,89

• REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA

O remanente de tesourería obtido da liquidación dos orzamentos do exercicio económico do 2019 ascendeu a 3.240.685,73€, e desagregase do seguinte xeito:

1. Fondos líquidos	5.268.322,33
2. Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c -2.d)	11.941.649,85
2.a. Do orzamento corrente	2.303.297,73
2.b. De orzamentos pechado	10.475.934,07
2.c. De operacións non orzamentarias	15.238,53
2.d. Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	852.820,48
3. Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c -3.d)	3.282.973,49
3.a. Do orzamento corrente	2.012.080,51
3.b. De orzamentos pechados	71.826,55
3.c. De operacións non orzamentarias	1.212.748,48
3.d. Pagos pendentes de aplicación definitiva	13.682,05
I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	13.926.998,69
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO	7.513.969,07
III. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	3.172.343,89
IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	3.240.685,73

B) FUNDACIÓN DE DEPORTES

Asemade, de conformidade co disposto no artigo 209.2 do TRLRFL, a Conta Xeral das entidades locais, estará integrada ademais de pola conta da propia entidade pola dos seus organismos dependentes, polo que se somete a esta Comisión a Conta da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do exercicio 2019, que será sometida á aprobación do Consello Reitor en sesión que terá lugar o vindeiro 22 de outubro de correntes, presentando o seguinte detalle:

I. - BALANCE.

	2015	2016	2017	2018	2019
BALANCE					
ACTIVO					
ACTIVO CORRENTE NON	758.201,05	783.797,27	799.764,73	833.026,00	849.214,45
ACTIVO CORRENTE	355.166,61	361.795,95	305.508,98	279.747,28	253.241,47
DEBEDORES C/P	311.327,02	303.836,20	110.351,79	37.452,88	221.000,05
TESOURERÍA	43.839,59	57.959,75	195.157,19	242.294,40	32.241,42
TOTAL ACTIVO	1.113.367,66	1.145.593,22	1.105.273,71	1.112.773,28	1.102.455,92
PASIVO					
PATRIMONIO NETO	970.826,39	992.003,00	1.012.716,17	1.063.041,08	1.087.253,98
FONDOS PROPIOS	970.826,39	992.003,00	1.012.716,17	1.063.041,08	1.087.253,98
Pasivo non corrente	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Pasivo corrente	142.541,27	153.590,22	92.557,54	49.732,20	15.201,94
TOTAL PASIVO	1.113.367,66	1.145.593,22	1.105.273,71	1.112.773,28	1.102.455,92
FONDO MANIOBRA	212.625,34	208.205,73	212.951,44	230.015,08	238.039,53

FM/tesourería	485,01%	359,22%	109,12%	94,93%	738,30%
---------------	---------	---------	---------	--------	---------

II.- CONTA DE RESULTADOS.

A Conta do Resultado económico patrimonial do exercicio reflicta un superávit por importe de 24.212,90 €.

III.- ESTADO DE CAMBIOS DO PATRIMONIO NETO:

- Cambios do patrimonio neto por importe de 24.212,90€.
- Estado de Ingresos e Gastos recoñecidos cunha variación por importe de 24.212,90€
- Operacións patrimoniais coa entidade propietaria por importe de 1.088.242,80 €.

IV.- ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO:

Obtivoise unha minoración do efectivo por importe de -210.052,98 €, sendo o efectivo ao final do exercicio de 32.241,42€.

V.- LQUIDACIÓN ORZAMENTO.

- Resultado Presupostario (dereitos – obrigas): 8.024,50 €, non procedendo axustes, sendo o Resultado Presupostario axustado de 8.024,50€.
- Remanente de Tesourería total (fondos líquidos + dereitos pendentes de cobro – obrigas pendentes de pago): 259.509,65 €, elaborado segundo determinan os artigos 103 e 104 do Real Decreto 500/90; o remanente de tesourería para gastos xerais ascende a 238.039,53 €, por considerarse saldos de dubidoso cobro por importe de 21.470,07€, que se desprenden do cálculo realizado segundo establece o artigo 193.bis do TRLRFL, engadido pola Lei 27/2013 de racionalización da Administración Local. Non existen desviacións de financiamento por non contar con financiamento afectado.

Considerando o disposto no art. 212 e seguintes do TRLRFL así como no art. 212.4 da LALG e o artigo 48 do RD Lei 11/2020 de 31 de marzo.

En consecuencia, vistos os Informes da Intervención municipal á Conta Xeral 2019 obrantes no expediente electrónico INT/2020/276, así como o informe da Interventora delegada da Fundación de Deportes, obrante no expediente electrónico INT/2019/272.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 26 de outubro de 2020.

Considerando o disposto no art. 212 e seguintes do TRLRFL así como o art. 212.4 da LALG.

Tendo en conta que se cumpriron os trámites de exposición ao público mediante publicación do expediente no BOP N° 210 de data 30 de outubro de 2020, durante 15 días hábiles e oito máis, sen que se presentasen alegacións, tal e como se constata no certificado da Secretaría Xeral.

Esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación:

1. A aprobación da Conta Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa e do seu organismo autónomo, correspondente ó exercicio 2019.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica

O ALCALDE

Asdo./:Alberto Varela paz

Sinatura dixitalizada

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación definitiva da Conta Xeral do Concello de Vilagarcía e da FPSDM correspondente ao exercicio de 2019.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos

municipais do, PSG-PSOE (11) e Ciudadanos (1) e sete abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (4), BNG (1), Vilagarcía en Común (1) e Podemos-Marea da Vila (1)

ACÓRDASE: Por maioría a aprobación da Conta Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa e do seu organismo autónomo, correspondente ao exercicio de 2019.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201221&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN EXPDTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITO Nº 06/REC/2020 POR IMPORTE DE 2.371,49€.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 21 de decembro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da memoria da Alcaldía, do seguinte teor:

MEMORIA DA ALCALDIA

De conformidade co establecido nos Artigos 26.2.C e 60.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, poderán aplicarse ós créditos do presuposto vixente as obrigas procedentes de exercicios anteriores, previo recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno Municipal.

Existen gastos procedentes de exercicios pechados contidos relación contable de operacións pendentes de aplicar o orzamento (en adiante OPAS), nº D/2020/5 confeccionada pola Intervención municipal, e que comprende xustificantes de gasto correspondentes a contratos menores de submnisitros e servizos executados nos exercicios 2018 e 2019 pero así como dos dereitos de autor pola proxección de cine na rúa nas Festas de San Roque 2018 e que non tiveron entrada no rexistro contable ata o cuarto trimestre do exercicio 2020.

Visto que, no orzamento vixente existe crédito suficiente ben nas aplicacións orzamentarias ben a nivel de bolsa de vinculación, nos termos indicados nas relación de operacións pendentes de aplicar o orzamento anexa á providencia de alcaldía Nº D/2020/5 por importe de 2.371,49? €.

Vistos os informes favorables á viabilidade orzamentaria emitidos polos órganos xestores responsables dos programas de gasto implicados no presente expediente.

Tendo en conta que esta alcaldía considera preceptivo proceder ao recoñecemento extraxudicial de créditos co fin de evitar o enriquecemento inxusto da Administración dado que se trata de contratos servizos, subministracións efectivamente realizados, en aras a evitar un prexuízo para os provedores, contratistas e demais acredores o tempo que se contribúe manterse dentro da senda dos principios de responsabilidade fiscal e prudencia financeira.

Logo de ver o Informe de Intervención, no que se manifesta a necesidade dun acordo plenario para aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 06/REC/2020 por importe de 2.371,49? €, con cargo ás aplicacións orzamentarias especificadas na relación anexa á providencia de alcaldía, esta Alcaldía-Presidencia, somete á aprobación da Corporación Municipal, o seguinte acordo:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 06/REC/2020, para os xustificantes de gasto comprendidos de facturas F/2020/125 derivada da relación de OPAS D/2020/5, e que suman un importe global de 2.371,49? €, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2020 a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención.

Vilagarcía de Arousa, na data sa sinatura electrónica.

O ALCALDE

Alberto Varela Paz

Sinatura dixitalizada

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común,

Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense. En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do Expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos 06/REC/2020, por importe de 2.371,49 €

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 06/REC/2020, para os xustificantes de gasto comprendidos de facturas F/2020/125 derivada da relación de OPAS D/2020/5, e que suman un importe global de 2.371,49? €, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2020 a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201221&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- EXAME DA RECLAMACIÓN PRESENTADA E APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DA ORDENANZA FISCAL I.5 REGULADORA DO IVTM.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 21 de decembro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da alegación presentada polo Grupo Político Municipal de Vilagarcía en Común coa data de 9 de decembro de 2020, e do informe da Sección de Rendas seguinte:

ALEGACIÓN PRESENTADA POLO GRUPO VILAGARCIA EN COMÚN, EN RELACION Á PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL I.5 DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

No Pleno celebrado o 29 de outubro de 2020 foi aprobada, con carácter provisional, a modificación da Ordenanza Fiscal Nº I.5 Reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Con data 9 de decembro de 2020 o grupo municipal VILAGARCIA EN COMÚN presenta alegacións á aprobación inicial da Ordenanza Fiscal Nº I.5

As propostas presentadas, e que foron aprobadas inicialmente no Pleno son as seguintes:

PRIMEIRO: no artigo 3.3.2) , a redacción proposta polo grupo de goberno para modificación da ordenanza establece que “ Para o outorgamento da exención prevista aos vehículos conducidos por persoas con discapacidade, o suxeito pasivo deberá aportar o certificado de minusvalía emitido polo equipo de valoración de discapacidades da Xunta de Galicia...”. O grupo Vilagarcía en Común considera máis axeitado eliminar “Xunta de Galicia” e ampliálo ao resto das comunidades autónomas.

Considerando que o art. 93.2) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, TRLFL establece que para a solicitude de exención o interesado deberá aportar certificado de minusvalía emitido por “ÓRGANO COMPETENTE”, a xuízo de quen informa non existe motivo algún que impida a modificación proposta, polo que a redacción do art. 3.3.2) quedaría do seguinte xeito:

“ Para o outorgamento da exención prevista aos vehículos conducidos por persoas con discapacidade, o suxeito pasivo deberá aportar o certificado de minusvalía emitido polo equipo de valoración de discapacidades da Xunta de Galicia, (ou do órgano equivalente que teña atribuída dita competencia dentro do territorio nacional), carné de conducir e copia da póliza do seguro do vehículo no que constará aquel como único condutor /a, xustificante de pago do seguro, e certificado de estar ao corrente do pago do imposto mediante a presentación dun certificado expedido pola Recadación Municipal de Tributos.

No seu caso, será necesario homologar a incapacidade recoñecida polo INSS co grado de discapacidade outorgado pola Xunta de Galicia (ou polo órgano equivalente que teña atribuída

dita competencia dentro do territorio nacional).”

SEGUNDO: No artigo 3.3.3) , a redacción proposta polo grupo de goberno para a modificación da ordenanza establece que:

“ 3.3.3.- Para o caso de vehículos destinados ao transporte de persoas con discapacidade, aplicarase a exención cando o suxeito pasivo do imposto aporte certificado de minusvalía onde conste algún dos seguintes supostos:

1. Necesidade de asistencia por terceira persoa
2. limitacións para a utilización do transporte público
3. unha porcentaxe de minusvalía igual ou superior ao 80%.

Na instancia farase constar quen é a persoa que o asiste, sendo éste o único que figurará na póliza do seguro como condutor do vehículo. En caso contrario non será a aplicación a exención solicitada.

Non obstante, será recoñecida a exención no Imposto cando exista mais dun condutor autorizado, no caso de que o titular do vehículo teña recoñecida a asistencia por terceira persoa e, ademais, o grado de minusvalía sexa igual ou superior ao 80%.

Deberá achegarse tamén certificado de estar ao corrente do pago do imposto mediante a presentación dun certificado expedido pola Recadación Municipal de Tributos.”

Por parte de Vilagarcía en Común se solicita a eliminación do parágrafo que restrinxe a exención ao vehículo donde exista un único condutor, por considerar que limita o dereito de utilización do vehículo destinado ao transporte, xa que o discapacitado ten que depender da dispoñibilidade do condutor.

Ao respecto cabe informar o seguinte: Para o caso de que o discapacitado non poda conducir o vehículo polos seus propios medios, a lexislación vixente habilita a posibilidade de ter un asistente, que será, en lugar do titular do vehículo, quen o utilice exclusivamente para o transporte do discapacitado.

Considerando que o transporte das persoas con gran discapacidade se realiza, na maioría dos casos, polos seus familiares mais directos ou achegados, pode ocorrer que en ocasións dito transporte teña que ser realizado, non polo asistente habitual, senón por calquer outra persoa relacionada directamente co discapacitado, e que, por ese motivo de parentesco ou afinidade, consta como segundo condutor na póliza do seguro.

Baixo esta premisa, resulta conveniente ter en consideración a alegación presentada, modificando a O.F. no sentido de eliminar o parágrafo que obriga á existencia dun único condutor, e permitir que conste máis dun na póliza do seguro, quedando a redacción da modificación da Ordenanza do seguinte xeito:

“ 3.3.3.- Para o caso de vehículos destinados ao transporte de persoas con discapacidade, aplicarase a exención cando o suxeito pasivo do imposto aporte certificado de minusvalía onde conste algún dos seguintes supostos:

- a) Necesidade de asistencia por terceira persoa
- b) limitacións para a utilización do transporte público
- c) unha porcentaxe de minusvalía igual ou superior ao 80%.

Deberá achegarse tamén certificado de estar ao corrente do pago do imposto mediante a presentación dun certificado expedido pola Recadación Municipal de Tributos.”

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a reclamación presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común e a aprobación definitiva da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica, en base ao informe emitido pola Xefa do Servizo de Rendas, o día 16 de decembro de 2020.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)
ACÓRDASE: Estimar a reclamación presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común e aprobar definitivamente a Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica, tal e como figura no ditame da Comisión Informativa e informe da Xefa do Servizo de Rendas emitido o 16 de decembro de 2020.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201221&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DECLARACIÓN DE OBRA DE "REFORMA CENTRO DE ACOLLIDA BÁSICA-INCLUSION SOCIAL SAN CIBRAN", COMO DE ESPECIAL INTERESE, AOS EFECTOS DE APLICAR A BONIFICACIÓN NO ICIO.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 21 de decembro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta do informe da Sección de Rendas:

ASUNTO: SOLICITUDE DE BONIFICACION NO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIONS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO)

INFORME:

Antecedentes de feito: D. JOSÉ ANUNCIO MOURIÑO RAÑÓ e/r CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA-INTERPARROQUIAL DE AROUSA, solicita o 10/09/2020 (RE WEB2020004044) a bonificación no ICIO correspondente á obra “ REFORMA CENTRO DE ACOLLIDA BÁSICA-INCLUSION SOCIAL SAN CIBRAN”, a realizar na Rúa San Cibrán Nº 9-11.

Fundamentos de dereito: Consultada a normativa de aplicación, o art 4.2 da Ordenanza Fiscal nº I.3, reguladora do Imposto dispón, en concordancia co art. 103.2.a) do RDL 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o seguinte:

“O Pleno da Corporación poderá declarar, previa solicitude dos interesados e os informes dos técnicos municipais, que determinadas construcións, instalacións ou obras son de especial interés ou utilidade pública municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego. Dita declaración require o voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Declarada dita utilidade a Xunta de Goberno Local poderá aplicar unha bonificación do 50% da cota en atención ós documentos existentes no expediente e que motivaron a declaración de especial interés ou utilidade pública municipal.

Os interesados deberán efectuar a solicitude de bonificación no momento en que se efectúe a solicitude da licenza de obra e, en todo caso, antes do inicio das mesmas, o que se acreditará co certificado expedido polo Técnico Director da obra.”

Proposta de resolución: a obra da que se solicita a bonificación ten como obxectivo a reforma dos inmobles situados na rúa San Cibrán Nº 9 e nº 11, coa finalidade de adaptalos para que sirvan de vivendas de acollida para xente sen recursos e con dificultades, o que fai que dita obra, a xuízo de quen informa, poda ser considerada de interés social.

Por outra parte, a solicitude de bonificación foi feita simultaneamente á solicitude de licenza de obra o 10 de setembro de 2020(RE web 4044 e web4046)

Por todo elo, INFÓRMASE FAVORABLEMENTE a concesión da bonificación instada do 50% da cota en atención ao exposto.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a declaración de obra de Reforma Centro de Acollida básica-inclusión social San Cibran" como de especial interese e a bonificación

do 50% da cota do ICIO.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a declaración a declaración de obra de Reforma Centro de Acollida básica-inclusión social San Cibrán" como de especial interese e a bonificación do 50% da cota do ICIO.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201221&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN S OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Figura unha solicitude de intervención de D. Ricardo Santamaria Valle en relación coa moción urxente de apoio á hostalería como sector estratéxico da economía local.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201221&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP SOBRE MELLORAS DE ACCESIBILIDADE E SEGURIDADE VIAL NOS ACCESOS ÓS CENTROS EDUCATIVOS ARMANDO COTARELO VALLEDOR, CASTRO ALOBRE E ANEXO A LOMBA:

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 21 de decembro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 23 de novembro de 2020, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 26 de novembro de 2020 a seguinte MOCIÓN:

“Melloras de accesibilidade e seguridade vial nos accesos ós centros educativos Armando Cotarelo, Castro Alobre e Anexo A Lomba”

EXPOÑEN

A comunidade estudantil dos institutos IES Armando Cotarelo Valledor e do IES Castro Alobre e do colexio Anexo A Lomba demanda melloras nas contornas dos centros educativos para poder acudir ás clases con maior comodidade e seguridade.

No caso do Cotarelo Valledor, en Sobradelo, moitos alumnos acceden ó centro pola rúa

Ameixeiras, desde a PO-549. No primeiro tramo do vial non existe beirarrúa en ningunha das dúas marxes, polo que os rapaces teñen que camiñar pola estrada, o que supón un perigo evidente e manifesto, doadamente arranxable.

Solicitan a construción de beirarrúas, melloras de iluminación no tramo e limpeza viaria, para gañar en seguridade.

No caso do Castro Aobre e do Anexo A Lomba, no centro de Vilagarcía, o problema enmárcase na ruta de conexión desde Os Duráns que supón o Camiño de Marxión. Esta vía é o paso natural para moitos estudantes de distintas idades, pero non está dotada cos servizos básicos. Neste senso,

tamén se demanda o arranxo do firme, instalación e mellora de puntos de luz e limpeza da contorna.

Hai que pensar que os alumnos acoden ós seus centros de ensino durante o inverno en horarios nos que a luz natural é inexistente ou deficiente polas mañás. De igual xeito non hai carteis indicadores nestes accesos da dirección ós institutos.

Sería preciso ademais afrontar un estudio global para todos os centros de ensino na cidade e os seus accesos, xa que moitos deles poderían ser obxecto de actuacións encamiñadas a mellorar a accesibilidade e mobilidade dos estudantes e, no seu caso, os seus pais/nais/titores.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular de Vilagarcía

SOLICITA

- Que se constrúan beirarrúas na rúa Amexeiras, no tramo máis próximo á PO-549, se dote de iluminación e se mellore a limpeza viaria do entorno ata o IES Armando Cotarelo Valledor.

- Que se dote de iluminación e se mellore a limpeza viaria no Camiño de Marxión e do entorno do IES Castro Aobre e do Anexo A Lomba.

- Que o Concello de Vilagarcía realice un estudio nos accesos e contornas dos diferentes centros de ensino na cidade para afrontar proxectos de melloras que reduzan riscos e que melloren a accesibilidade e mobilidade do estudantes.

Ana Granja– Voceira do Grupo Municipal do Partido Popular

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, BNG, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre melloras de accesibilidade e seguridade vial nos accesos ós centros educativos Armando Cotarelo Valledor, Castro Aobre e Anexo A Lomba.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con oito votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (4), BNG (1), Vilagarcía en Común (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1), e once votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSG-PSOE (11),

ACÓRDASE: Por .maioría rexeitar a moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre melloras de accesibilidade e seguridade vial nos accesos ós centros educativos Armando Cotarelo Valledor, Castro Aobre e Anexo A Lomba.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201221&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL PODEMOS-MAREA DA VILA, CON MOTIVO DO DÍA DAS PERSOAS MIGRANTES:

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 21 de decembro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila, coa data de 13 de decembro de 2020, do seguinte teor:

María de la O Fernández González, como voceira do Grupo Municipal de Marea da Vila, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do mes de xuño, a seguinte moción:

MOCIÓN CON MOTIVO DO DÍA DAS PERSOAS MIGRANTES PARA QUE OS CONCELLOS ADOPTEN CERTAS MEDIDAS SOCIAIS ACORDES COS DEREITOS HUMANOS E NA DEFENSA DOS DEREITOS DAS PERSOAS MIGRANTES, INSTANDO A OUTRAS ADMINISTRACIÓNS A PROCEDER DE IGUAL XEITO

O 4 de decembro do 2000, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas, proclamou o Día Internacional do Migrante. Dita resolución apuntaba o seguinte: “A Asemblea Xeral, tomando nota da decisión 2000/288 do Consello Económico e Social, do 28 de xullo de 2000, considerando que a Declaración Universal de Dereitos Humanos proclama que tódolos seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos, e que toda persoa ten os dereitos e liberdades proclamados nela, sen distinción de ningún tipo, en particular de raza, cor ou orixe nacional. Atendendo ao número elevado e cada vez maior de migrantes que existe no mundo, alentada polo crecente interese da comunidade internacional en protexer efectiva e plenamente os dereitos humanos de todos os migrantes e destacando a necesidade de seguir tratando de asegurar o respecto dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais de todos os migrantes, decide proclamar o 18 de decembro Día Internacional do Migrante”.

Así mesmo, o máximo representante da ONU, o Secretario Xeral António Guterres, sinalaba en ocasión da celebración deste día que: “todos os migrantes teñen dereito a igual protección dos seus dereitos humanos”. Considerando, ademais, o artigo 13 da Declaración Universal de Dereitos Humanos, que: “toda persoa ten dereito a circular libremente e a elixir a súa residencia no territorio dun Estado”, así como a “saír de calquera país, mesmo do propio, e a regresar ao seu país”.

O noso país ten unha ampla e longa traxectoria de emigración, onde, en momentos críticos e situacións políticas adversas, o exilio e a migración forzada foi, tamén, unha constante. Sabemos, de primeira man, que a protección dun dereito humano tan fundamental como a libre circulación e elección de residencia e o trato digno en acollida foi vital para a nosa poboación, e séguese sendo.

España é tamén un país intercultural, un país diverso, e plurinacional, onde distintas culturas, nacións e grupos sociais conviven. A poboación migrante foi e segue sendo un motor social, cultural, político e económico fundamental. É o noso deber, como representantes políticos e como institucións dun Estado social, democrático e de dereito, garantir por todos os medios unha acollida digna, uns servizos eficaces e unhas institucións que velen polo cumprimento dos dereitos de todas as persoas con independencia do seu lugar de nacemento.

As rúas, o movemento antirracista e das persoas migrantes, evidencian con forza e contundencia que un país en democracia sen unha defensa real da igualdade e dos dereitos humanos, é un país cunha democracia de moi baixa intensidade. Isto faise cada vez máis visible co forte auxe da extrema dereita e os seus discursos de odio racial e xenófobo que están a ser normalizados nas institucións parlamentarias, nos medios de comunicación, e a consecuencia, na sociedade en xeral.

Doutra banda, o contexto da pandemia global situounos nun momento crítico, onde as desigualdades estruturais da nosa sociedade evidenciáronse como nunca. Con iso, aflorou unha realidade social inxusta, con grandes privilexios de clase, raza, xénero ou orixe nacional. E, tamén, emerxeu un escenario e unha interpelación sen precedentes sobre cuestións coma: quen sostén a vida, quen exerce os traballos esenciais, quen empuxa este país, quen xera a riqueza que se distribúe logo ao común da sociedade, etc. As persoas migrantes foron, e son, as protagonistas da garantía dunha alimentación e do coidado das nosas maiores, crianzas e fogares, en momentos de confinamento.

A pandemia interpélanos dunha forma abrupta, non é xusto que quen mantén o noso sistema de coidados, de alimentación, de supervivencia, o faga en condicións totalmente marxinais. Coidan dos nosos nenos e nenas pero, en moitos territorios, non se escolariza aos seus nenos e nenas nos colexios. Traballan naquelas labores que nos permiten non só alimentarnos a nós, senón a todo un continente, e fano nas peores condicións laborais e vitais, como así o afirmou Philip Alston, relator das Nacións Unidas sobre a extrema pobreza e os dereitos humanos, na súa visita a España en febreiro deste ano: “En Huelva, reuníme con traballadores que vivían nun asentamento de inmigrantes en condicións que rivalizan coas peores que vin en calquera parte do mundo”.

É dicir, manteñen os fogares, coidan aos anciáns, e aínda hoxe seguimos sen ratificar o Convenio 189 da OIT que permitiría que moitas mulleres, a maioría persoas migrantes, que se dedican ao traballo do fogar e aos coidados poidan ter os mesmos dereitos que o resto de persoas traballadoras.

Mención especial merece, nesta proposta e con respecto a este día, que miles de persoas migrantes non poidan estar a renovar a súa residencia en España por causa da saturación das Citas Previas de Estranxeiría, consecuencia da falta de recursos para estes trámites. O mesmo sucede coas persoas en situación de asilo e refuxio e a deterioración das políticas de acollida. Devanditos trámites de estranxeiría están asignados á Policía Nacional.

Distintas organizacións sociais, institucións, agrupacións de avogados de estranxeiría e persoas en xeral, veñen denunciando unha problemática estrutural, herdanza dos anteriores gobernos estatais, con respecto ás dificultades para concertar cita previa en dependencias policiais e a consecuente irregularidade administrativa sobrevinda.

O pasado 14 de outubro, a Comisión de Estranxeiría do Ilustre Colexio da Avogacía de Barcelona (ICAB) emitiu un comunicado onde se esixía unha solución á "grave problemática" xerada pola falta de citas previas para realizar os trámites policiais de temas de estranxeiría. Destacando, ademais, que os problemas polo colapso do sistema de citas "inciden moi negativamente" na situación e as condicións de vida dos cidadáns europeos e doutros países, xa que dificultan a "lexítima defensa dos seus dereitos e intereses".

Co colapso sistémico das citas de estranxeiría, xurden as estafas. Son múltiples as denuncias de fraude ou estafa por parte de persoas que venden unha cita previa aos que necesitan renovar papeis en Estranxeiría, chegando a cobrar ata 200 euros por un cita previa. A relación é clara, este mercado aparece porque o sistema nas comisarías está saturado. Fronte ao incumprimento dunha obrigação institucional para renovar a tarxeta de residencia, as empresas privadas e as fraudes acaparan esta función goberamental.

O pasado 8 de agosto, o Defensor do Pobo, Francisco Fernández Marugán, emitiu unha Recomendación, para que, con carácter urxente, facilitarase aos cidadáns estranxeiros o acceso ao sistema de cita previa para solicitar protección internacional e realizar diversos trámites de estranxeiría en dependencias policiais. Na Recomendación asegurábase que: “esta institución continúa recibindo queixas constantes, relacionadas coas dificultades para obter unha cita previa e acceder ao procedemento de asilo, así como realizar entrevistas de asilo en condicións adecuadas. Ademais, as dificultades para obter cita previa estendéronse a unha multitude de trámites que deben realizar os cidadáns estranxeiros en dependencias policiais de todo o territorio nacional, máis aló do ámbito da protección internacional”.

Así mesmo, o Defensor do Pobo advertía que: “dita situación resulta incompatible cos principios do servizo efectivo aos cidadáns, simplicidade, claridade, proximidade e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Ademais, implica graves consecuencias para as persoas interesadas, que se ven imposibilitadas de realizar os trámites que precisan para residir en territorio nacional”. Por isto, recomendaba ao goberno asegurar a “devida seguridade xurídica e evitar os graves prexuízos sufridos polos cidadáns estranxeiros, considerando necesario adoptar medidas para paliar esta situación, á espera da efectiva resolución das causas estruturais que inciden na cuestión”. Principalmente no referente á “falta de coordinación entre as distintas administracións implicadas, así como na ausencia de medios persoais e técnicos suficientes para afrontar a carga de traballo que soportan as comisarías que realizan os distintos trámites de estranxeiría asignados á Policía Nacional”.

Nesta liña, xa en 2018 o ex secretario xeral de Comisións Obreiras, Fernando García, recoñecía

tamén que "evidentemente, a falta de persoal é o primeiro motivo do colapso nos dous últimos anos á agora de obter ou renovar documentos".

Esta situación estrutural foi fortemente agravada co Estado de Alarma declarado durante a pandemia. O 14 de marzo o Goberno, mediante o Real Decreto 463/2020, declaraba o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. Na súa Disposición Adicional Terceira, establecía que os prazos administrativos quedaban suspendidos, afectando aos trámites de estranxeiría. Posteriormente, establecéronse medidas extraordinarias para axilizar os trámites de residencia e traballo para as persoas nacionais de terceiros países, profesionais do ámbito sanitario o 15 de marzo, e do sector agrario o 8 de abril, e en concreto, o 27 de maio, de mozos estranxeiros no sector agrario.

Doutra banda, o 18 de maio, mediante orde ministerial, o Goberno estableceu unha serie de medidas relativas á prórroga das autorizacións de estancia e residencia e/ou traballo e a outras situacións dos estranxeiros en España. Entre estas medidas, estaba a de prorrogar de maneira automática todas as autorizacións de residencia, traballo ou estudos que vencesen durante a vixencia do estado de alarma ou expirado nos noventa días naturais previos á data en que se decretou.

Con todo, tras a continuación dos trámites presenciais, co fin do estado de alarma, a capacidade das comisarías para atender os trámites e as renovacións das autorizacións de residencia e traballo viuse fortemente excedida. Aos miles de trámites acumulados, de maneira estrutural, sumóuselle a falta de capacidade para xestionalo tras o parón administrativo, e que hoxe é minguada polas esixencias de distanciamento físico.

Segundo un artigo publicado polo País, o 11 de xullo deste ano, en España hai máis de cinco millóns de cidadáns estranxeiros, en base aos datos do Instituto Nacional de Estatística. A Policía asume nunhas 150 comisarías de toda España os dous trámites fundamentais para os estranxeiros que concentran o maior número de queixas recibidas: a toma de pegadas, sen a que non se expide a tarxeta de residencia, e a recollida desa tarxeta. Ningunha desas xestións está a funcionar con normalidade. A Policía tampouco está a conseguir asumir as demandas de miles de solicitantes de asilo pendentes de facer a entrevista para formalizar a súa petición.

Ante este colapso, moitas familias están pendentes de tramitar a súa renovación ou recoller a súa tarxeta de residencia por traballo ou estudo, quedando en moitas ocasións nunha situación sobrevinda de irregularidade administrativa e perdendo, moitas delas, os seus traballos ante a incapacidade de tramitar a renovación. Similar situación atopámonos coas persoas solicitantes de asilo, axuntada á complexa burocracia que xa de seu caracteriza esta tramitación.

Esta situación é inimaxinable se o trámite tratácese de renovar un Documento Nacional de Identidade. Por tanto, é o noso deber e compromiso reafirmar e promover os dereitos das persoas con independencia da súa nacionalidade e garantir un servizo administrativo eficaz, igualitario, simple e eficiente.

Desde Marea da Vila vemos urxente que nosas veciñas e veciños, cidadás e cidadáns do noso concello, provincia e desta comunidade autónoma de Galicia e do resto de territorio nacional, poidan realizar os seus trámites administrativos relativos á súa residencia regular en España, coa celeridade e a dignidade que merecen. E que sirva este Día Internacional das Persoas Migrantes para facer cumprir o mandato das Nacións Unidas e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos de protexer, efectiva e plenamente, os dereitos de todas os e as cidadás migrantes.

Polo exposto, solicitamos a aprobación dos seguintes

ACORDOS

1.- Que o concello de Vilagarcía de Arousa se dirixa ao Goberno de España para que este adopte de xeito urxente as medidas precisas para facilitar o acceso ao sistema de cita previa reducindo a excesiva demora que existe para a realización dos diversos trámites das dependencias policiais. Concretamente urxen as seguintes medidas:

Adecuar a plantilla das oficinas de estranxeiría á carga de traballo.

Habilitar as oficinas de renovación do DNI para poder facer nas mesmas as tramitacións de estranxeiría, aumentando así o número de citas ofertadas.

Eximir da recollida de pegadas ás tarxetas que non sexan estritamente precisas.

Emprender as reformas legais precisas para evitar a burocracia innecesaria.

2.- Instar o Goberno de España a adoptar como medida extraordinaria, prorrogar de maneira automática todas as autorizacións de residencia e traballo de carácter permanente que vencesen

tras a vixencia do estado de alarma ata o día 31 de decembro de 2020, de maneira tal que se poida reducir a demora e paliar a saturación nas dependencias policiais, e atender de maneira efectiva e con celeridade os trámites do resto de permisos e renovacións de residencia por traballo e estudo.

3.- Poñer a disposición do Goberno de España os medios e recursos de este concello, concretamente as oficinas, dependencias e persoal das áreas de asuntos sociais na medida que sexa posible, de xeito extraordinaria e descentralizada, baixo os principios de coordinación, cooperación e colaboración administrativa.

4.- Que este concello reafirme o compromiso coa protección eficaz e digna das nosas veciñas e veciños migrantes en pos dunha convivencia plural, afirmando que unha democracia real é aquela que nos seus fins persegue o libre e igual acceso de todas as persoas ao exercicio dos seus dereitos cidadáns, con independencia do seu lugar de nacemento.

A Sra. Fernández González retira o apartado 3º da proposta de acordo.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo municipal de Podemos-Marea da Vila informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG, Vilagarcía en Común e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal Podemos-Marea da Vila con motivo do día das persoas migrantes, sen o apartado 3º da proposta de acordo.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a Moción, sen o apartado 3º da proposta de acordo, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezaoito votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (11), PP (4), BNG (1), Vilagarcía en Común (1) e Podemos-Marea da Vila (1), e unha abstención do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de Ciudadanos (1)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo Grupo Político Municipal de Podemos-Marea da Vila e:

1.- Que o concello de Vilagarcía de Arousa se dirixa ao Goberno de España para que este adopte de xeito urxente as medidas precisas para facilitar o acceso ao sistema de cita previa reducindo a excesiva demora que existe para a realización dos diversos trámites das dependencias policiais. Concretamente urxen as seguintes medidas:

Adecuar a plantilla das oficinas de estranxeiría á carga de traballo.

Habilitar as oficinas de renovación do DNI para poder facer nas mesmas as tramitacións de estranxeiría, aumentando así o número de citas ofertadas.

Eximir da recollida de pegadas ás tarxetas que non sexan estritamente precisas.

Emprender as reformas legais precisas para evitar a burocracia innecesaria.

2.- Instar o Goberno de España a adoptar como medida extraordinaria, prorrogar de maneira automática todas as autorizacións de residencia e traballo de carácter permanente que vencesen tras a vixencia do estado de alarma ata o día 31 de decembro de 2020, de maneira tal que se poida reducir a demora e paliar a saturación nas dependencias policiais, e atender de maneira efectiva e con celeridade os trámites do resto de permisos e renovacións de residencia por traballo e estudo.

3.- Que este concello reafirme o compromiso coa protección eficaz e digna das nosas veciñas e veciños migrantes en pos dunha convivencia plural, afirmando que unha democracia real é aquela que nos seus fins persegue o libre e igual acceso de todas as persoas ao exercicio dos seus dereitos cidadáns, con independencia do seu lugar de nacemento.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201221&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201221&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, presentándose unha moción conxunta dos Grupos Políticos Municipais, seguinte:

Tania García Sanmartín, Ana María Granja Guillán, Lucía César Veloso, Jesús López Rodríguez, María de la O Fernández González e David Higinio Oliveira Barreiro, portavoces do Grupo Municipal PSdeG-PSOE, PP, BNG, Vilagarcía en Común, Marea da Vila e Ciudadanos, respectivamente, no Concello de Vilagarcía de Arousa, ao amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta para a súa aprobación a seguinte:

MOCIÓN PARA O APOIO UNÁNIME Á HOSTALERÍA COMO SECTOR ESTRATÉXICO DA ECONOMÍA LOCAL

Dende o inicio da pandemia da COVID19 foi evidente que a crise sanitaria ía ter como consecuencia unha crise económica sen precedentes. O peche das actividades non esenciais durante o primeiro estado de alarma afectou especialmente a sectores importantes na economía local, como a hostalería e o comercio. Dende as distintas administracións creáronse ferramentas que teñen como obxectivo limitar as consecuencias negativas da crise e facilitar o mantemento do emprego, como foi o caso dos ERTE ou os ceses de actividade habilitados dende o Goberno do Estado. Tamén se habilitaron liñas de crédito amparadas non ICO ou no IGAPE, no caso da Xunta de Galicia.

O Concello de Vilagarcía tamén habilitou medidas extraordinarias, como a liña de axudas directas, as exencións dalgunhas das taxas municipais e puxo en marcha iniciativas para incentivar o consumo no comercio e hostalería locais, como é o caso da campaña Son da Casa, e sendo estas apoiadas por todos os grupos da corporación,.

Estas medidas, que podemos considerar excepcionais e que responden tamén á excepcionalidade do momento, contribúen a paliar as consecuencias do Estado de Alarma decretado en marzo con motivo da primeira onda, mais no actual contexto, tras nove meses de crise e tras un novo período de restricións decretadas para conter a segunda onda da pandemia, precisan ser complementadas.

Co fin de avaliar a situación e poñer en coñecemento dos grupos da corporación a seu análise, o sector hostaleiro de Vilagarcía convocou aos partidos políticos con representación municipal a unha xuntanza o pasado venres 11 de decembro no Auditorio de Vilagarcía. Na devandita xuntanza a hostalería local trasladou a posición do colectivo e que sintetizamos a continuación:

- A hostalería non é a culpable. O peche da hostalería decretado o 4 de novembro en 60 concellos, entre eles Vilagarcía, pon o foco no sector hostaleiro cando estamos nunha situación que require da corresponsabilidade de toda a sociedade.
- Os números demostran que pechar só a hostalería non é a solución. Despois de un peche de algo máis dun mes, coas seguintes repercusións económicas no sector hostaleiro, a incidencia e a evolución da pandemia non mellora no noso Concello.

- Falta axilidade e insuficiencia das axudas. A liña de axudas anunciada pola Xunta de Galicia non é suficiente, pero, o máis grave, o sector aínda non cobrou ditas axudas. Se en marzo existía certo marxe, o retraso actual pode marcar a supervivencia ou non dun negocio.
- Falta de claridade nas axudas. O sector hostaleiro local é, nunha gran medida, un sector de autónomos e microempresas. As distintas axudas publicadas nos diarios ou boletíns oficiais e que responden a diferentes situacións poden xerar certa confusión e dificultar a decisión sobre cal se axusta de maneira máis axeitada a cada situación.
- Falta de transparencia. O sector descoñece cales son os criterios nos que se basean medidas como o peche ás 17:00H, o que xera frustración e incerteza.
- O sector non quere esmolas, o sector quere traballar. As limitacións actuais, co peche obrigado ás 17:00H e o peche perimetral prexudica claramente a unha maioría dos negocios hostaleiros, polo que moitos optan por permanecer pechados e moitos que abren están asumindo perdas.
- Sector relevante para a economía local. Esta situación está demostrando a importancia do sector para a economía. O comercio local estase resentindo e asistimos cada día a imaxes de rúas e locais baleiros, co conseguinte impacto na facturación deste sector.
- Corresponsabilidade social. O sector hostaleiro síntese vítima dunha situación na que é máis fácil descargar e focalizar as medidas nun sector concreto que realizar peches máis globais e estritos. Pero, sen un enfoque global, o peche dun sector o que fai é prexudicar ao sector pero sen ser eficaz contra o virus, como se está demostrando.
- A hostalería non é responsable dos comportamentos individuais. A maioría dos locais de hostalería, ao igual que distintos negocios locais ou a mesma administración, fixeron investimentos para a adaptación dos mesmos ás normativas sanitarias, as restricións de aforos, etc. Pero os hostaleiros non poden ser responsables dos comportamentos individuais dos clientes e usuarios dos seus establecementos. Nese senso, se cre convinte o reforzo das labores de información por parte das institucións así como o apoio dos corpos de seguridade para que esta labor non recaia exclusivamente no persoal da hostaleiría.
- Unidade. Esta situación debemos superala dende a unidade e a corresponsabilidade de todos os grupos da corporación, do resto de sectores da economía local (como é o caso do comercio que fai o peche simbólico ás 17:00H) e do conxunto da veciñanza.

Por todo iso, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. A Corporación de Vilagarcía de Arousa amosa o seu apoio unánime á hostalería como sector relevante da economía local, e fai un chamamento ao conxunto da veciñanza en clave de corresponsabilidade social para afrontar a actual situación de pandemia e a crise económica derivada da mesma.
2. O Concello de Vilagarcía de Arousa comprométese a continuar colaborando co sector, co obxectivo de que as medidas que se adopten redunden no beneficio da economía local, como a exención acordada para o ano 2021 do pago da taxa municipal por ocupación da vía pública das terrazas; a dotar dunha nova liña de axudas municipal, a impulsar unha campaña de concienciación e corresponsabilidade da veciñanza ou a reforzar as tarefas de acompañamento e vixilancia policial no cumprimento das normas establecidas por mor da pandemia.
3. Dar traslado á administración competente para que interveña, interceda ou dispoña dunha liña de axudas económicas destinadas a financiar a mediación dos alugueiros entre os establecementos arrendatarios e as persoas arrendadoras.
4. A Corporación Municipal instará á Xunta de Galicia a establecer e facer públicos os criterios que rexan na toma de decisións sobre as restricións decretadas nos ámbitos municipais en cada momento.
5. A Corporación Municipal instará ó Goberno do Estado e á Xunta de Galicia á creación de liñas de axudas ao sector da hostalería que respondan ás situacións e especificidades do sector, así como á claridade e correcta información das mesmas durante todo o proceso de solicitude.
6. A Corporación Municipal instará á Xunta de Galicia a informar sobre o estado no que se atopan

as actuais liñas de axudas habilitadas para o sector da hostalería e axilizar os trámites para o seu cobro por parte do sector á maior brevidade.

7. O Concello de Vilagarcía de Arousa comprométese a seguir traballando na Mesa de Reactivación Económico e Social, composta polos axentes económicos e representantes da Corporación.

Toma a palabra D. Ricardo Santamaría del Valle para explicar as reivindicacións da hostalería local.

A seguir sométense a votación a declaración de urxencia da Moción citada dando o seguinte o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a declaración de urxencia da moción conxunta dos grupos políticos municipais para o apoio unánime á hostalería como sector estratéxico da economía local.

A continuación ten lugar o debate do asunto e posterior votación da moción, dando o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE aprobar a moción conxunta presentada e:

1. Amosar o apoio unánime á hostalería como sector relevante da economía local, e fai un chamamento ao conxunto da veciñanza en clave de corresponsabilidade social para afrontar a actual situación de pandemia e a crise económica derivada da mesma.

2. Comprometese a continuar colaborando co sector, co obxectivo de que as medidas que se adopten redunden no beneficio da economía local, como a exención acordada para o ano 2021 do pago da taxa municipal por ocupación da vía pública das terrazas; a dotar dunha nova liña de axudas municipal, a impulsar unha campaña de concienciación e corresponsabilidade da veciñanza ou a reforzar as tarefas de acompañamento e vixilancia policial no cumprimento das normas establecidas por mor da pandemia.

3. Dar traslado á administración competente para que interveña, interceda ou dispoña dunha liña de axudas económicas destinadas a financiar a mediación dos alugueiros entre os establecementos arrendatarios e as persoas arrendadoras.

4. Instar á Xunta de Galicia a establecer e facer públicos os criterios que rexan na toma de decisións sobre as restricións decretadas nos ámbitos municipais en cada momento.

5. Instar ó Goberno do Estado e á Xunta de Galicia á creación de liñas de axudas ao sector da hostalería que respondan ás situacións e especificidades do sector, así como á claridade e correcta información das mesmas durante todo o proceso de solicitude.

6. Instar á Xunta de Galicia a informar sobre o estado no que se atopan as actuais liñas de axudas habilitadas para o sector da hostalería e axilizar os trámites para o seu cobro por parte do sector á maior brevidade.

7. Comprométese a seguir traballando na Mesa de Reactivación Económico e Social, composta polos axentes económicos e representantes da Corporación.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201221&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL. Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201221&punto=14>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN.

Debido á aplicación das normas de distancia social necesarias para a prevención do COVID-19 non asiste público á sesión.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201221&punto=15>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 18:45, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.